Asunto: INFORME SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

O 30 de xuño de 2026 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) unha solicitude de informe preceptivo deste centro directivo sobre unha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) de persoal da Consellería do Medio Rural, remitido desde a Vicesecretaría Xeral desa consellería.

O expediente recibido componse dos seguintes documentos:

-Memoria funcional e económica

-Táboa coa relación de postos a crear

-Táboa coa relación de postos a amortizar

-Táboa de equivalencias

Atendendo á solicitude de informe sobre o expediente de proposta de modificación de RPT da Consellería do Medio Rural, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A vixente RPT da Consellería do Medio Rural foi aprobada por Resolución do 29 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, coa incorporación das modificacións introducidas polo Acordo do Consello da Xunta do 24 de xuño de 2021.

Desde entón, a RPT foi obxecto de diversas modificacións, vinculadas tanto a procesos de funcionarización como á adaptación da estrutura organizativa e funcional da consellería.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

Con data 30 de xullo de 2025, esta dirección xeral emitiu informe sobre unha proposta anterior de modificación da RPT da Consellería do Medio Rural referente á creación de 6 postos na Dirección Xeral de Defensa do Monte, no marco da constitución formal da Unidade de Directores de Extinción (UDEX), co fin de reforzar a capacidade operativa do dispositivo de prevención e loita contra os incendios forestais en Galicia, non obstante, non consta a aprobación da dita proposta, polo que non chegou a producir efectos nin a incorporarse á RPT vixente.

Con data 30 de xuño, remítese unha nova memoria xustificativa de modificación da RPT neste sentido, que incorpora actuacións dirixidas á adaptación da estrutura organizativa ás necesidades derivadas da evolución do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais, procedéndose á emisión do presente informe

SEGUNDO. Obxecto da proposta

O obxecto desta nova proposta de modificación da RPT da consellería de Medio Rural é adecuar a estrutura organizativa e funcional dos servizos, en particular os vinculados ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, á evolución experimentada nos últimos anos

TERCEIRO. Actuacións propostas

3.1.- Creacións

3.1. a) Creación postos UDEX

Proponse a creación dunha estrutura específica na Dirección Xeral de Defensa do Monte para dar cobertura á Unidade de Directores/as de Extinción (UDEX), co fin de consolidar unha capacidade operativa existente desde o ano 2023.

En concreto, prevese a creación de 15 postos coa seguinte configuración:

- 1 Axente Coordinador/a autonómico/a UDEX
- 2 Axentes coordinadores/as UDEX
- 12 Axentes UDEX

As características dos postos mencionados e cuxa creación se propón son as seguintes:

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

POSTO	DEPENDENCIA	NIVEL	CORPO/ ESCALA	FORMA PROVISIÓN
Axente Coordinador/a autonómico/a UDEX	Dependencia directa do D X de Defensa do Monte	25	EAFM	Libre designación
Axentes coordinador I e II UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	22	EAFM	Concurso específico
Axentes coordinador I e II UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	22	EAFM	Concurso específico
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario
Axentes UDEX	Dependencia do Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX	20	EAFM	Concurso ordinario

Estes postos son propostos con ámbito autonómico e dependerán funcionalmente da Dirección Xeral de Defensa do Monte, co obxectivo de

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

reforzar a capacidade de coordinación e dirección operativa en incendios forestais de elevada complexidade.

Debe terse presente a especial singularidade que supón a configuración de postos cun ámbito autonómico, circunstancia que aconsella valorar con cautela as implicacións que esta configuración pode ter nas condicións de prestación do servizo, particularmente no relativo á dispoñibilidade e mobilidade, así como na previsibilidade das condicións ordinarias de desempeño. Todo iso cobra especial relevancia tendo en conta que, no ámbito da Xunta de Galicia, os postos con características similares presentan unha presenza moi reducida.

As funcións principais destes postos conforme ao PLADIGA, son:

- Dirección Técnica de Extinción (DTE) e desempeño das funcións SEMOP.
- Coordinación dos medios terrestres e aéreos no lugar do lume.
- Elaboración de informes operativos e de análise post-incendio.
- Participación no deseño e impartición de formación técnica ao persoal do SPIF.
- Apoio en tarefas de prevención, planificación e mellora continua do dispositivo.

O posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX será ademais o que desenvolverá a coordinación estratéxica das UDEX a nivel autonómico.

En canto a forma de provisión destes postos hai que diferenciar:

- Por unha banda a forma de provisión proposta para o posto de Axente Coordinador/a Autonómico/a UDEX é a libre designación de acordo coa instrución cuarta da *Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Ademais do asesoramento e dependencia directa dun alto cargo recollido no apartado 1.2 da instrución cuarta da Resolución, o apartado 4 sinala como criterio de excepcionalidade:

> *A especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou*

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.

Considérase que asume estas responsabilidades quen exerza postos que impliquen:

4.1. A coordinación ou dirección de funcionarios que, como titular dun posto, exerce sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia.

- E a forma de provisión proposta para os axentes coordinarores/as é o concurso específico en base as seguintes características peculiares de ditos postos:

- Funcións altamente especializadas:

Estes postos implican responsabilidades técnicas de alto nivel, especialmente na dirección técnica de incendios forestais complexos (nivel B ou C). Requírense competencias avanzadas en xestión de operativos, análise de riscos, toma de decisións en emerxencias, comportamento do lume, cartografía e tecnoloxía aplicada.

- Dependencia xerárquica e función substitutiva:

Os axentes coordinadores dependen funcionalmente do Coordinador/a Autonómico/a da UDEX e poden asumir as súas funcións por delegación ou ausencia. Isto require unha posición intermedia de alta responsabilidade.

- Requirimentos específicos de cobertura:

As tarefas non son xenéricas nin poden ser desempeñadas por persoal sen formación e experiencia técnica acreditada en dirección de incendios forestais.

- Garantía de idoneidade profesional e continuidade do servizo:

É necesaria unha selección obxectiva e profesional dos/as candidatos/as, consolidando unha estrutura directiva técnica estable dentro da UDEX, esencial para o bo funcionamento do dispositivo de extinción.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

3.1. b) Creación dun posto de emisorista-vixilante na provincia de Lugo.

Proponse a creación dun novo posto de emisorista-vixilante na provincia de Lugo adscrito ao Centro de Coordinación Provincial, no marco da reorganización territorial dos recursos existentes.

As características do posto son as seguintes:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/ESPECIALIDADE
MRC991080127001213	Emisorista-Vixilante FixO	Escala de Bombeiro ForestaL Emisorista / Vixilante fixo

Esta actuación leva aparellada a amortización dun posto de idénticas características na comarca da Mariña Oriental (Mondoñedo), á que se fai referencia no correspondente apartado de amortizacións do presente informe.

3.2.- Modificacións de postos do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF)

Propóñense as seguintes actuacións:

3.2-a) A incorporación dos seguintes sete postos ao *Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais,* co fin de adecuar as súas retribucións e condicións ás funcións efectivamente desempeñadas:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	CENTRO DIRECTIVO
MRC991080115001010	Xefatura Área Defensa contra Incendios II	Dirección Territorial da Coruña – SPIF
MRC991080115001011	Xefatura Área Defensa contra Incendios II	Dirección Territorial da Coruña – SPIF
MRC991080127001009	Xefe/a de Área Defensa contra Incendios II	Dirección Territorial de Lugo – SPIF
MRC991080132001011	Xefe de Área Defensa contra Incendios II	Dirección Territorial de Ourense – SPIF

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

MRC991080136001011	Xefe de Área Defensa contra Incendios II	Dirección Territorial de Pontevedra – SPIF
MRC991000015001015	Posto base A1	Dirección Territorial da Coruña
MRC991080127001004	Posto base A1	Dirección Territorial de Lugo

3.2-b) Proponse a recodificación do seguinte posto base A1 da Dirección Territorial da Coruña para a súa adscrición ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN (ACTUAL → PROPOSTA)	ESCALA	ESPECIALIDADE
MRC991000015001015	Posto base A1 → Técnico/a de Apoio ao SPIF	EME3 / ESE5	Enxeñería de montes / forestal

3.2-c) Proponse a transformación dos postos base A1 con código: MRC991080115001213, MRC991080127001004, en postos de 'Técnico/a de Apoio ao SPIF' e a súa apertura ao subgrupo A2 co obxectivo de avanzar na homoxeneización organizativa, mellorar a súa cobertura e adaptalos ás necesidades operativas do servizo.

Non obstante, cómpre ter en conta que a transformación proposta supón modificacións relevantes nas características dos postos, polo que resultaría máis axeitado acudir a un procedemento de amortización dos postos existentes e creación doutros novos coas características pretendidas, en lugar dunha modificación da súa configuración.

3.3. Amortizacións

Proponse a amortización do posto vacante de emisorista-vixilante na comarca da Mariña Oriental (Mondoñedo).

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	ESCALA/ESPECIALIDADE
MR.C99.50.062.27290.030	Emisorista-Vixilante Fixo	Escala de Bombeiro ForestaL Emisorista / Vixilante fixo

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO. Custo

No relativo aos custos correspondentes a esta proposta de modificación de RPT, correspóndelle pronunciarse á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SEXTO. Sentido do informe

Os fundamentos e datos achegados pola Consellería do Medio Rural para xustificar a proposta de modificación da súa relación de postos de traballo, desde o punto de vista da DXSAP, son suficientes para dar o visto e prace.

De acordo co anterior a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural sen prexuízo das consideracións que poida recoller a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no informe que deberá emitir con carácter previo a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 01/07/2026 15:08:49

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 9yF7j03NCxx0 https://sede.xunta.gal/cve